

INFORMACIÓN CAMPAÑA DE SOLICITUDE E ENTREGA DE XOGUETES 2020

- ❖ O Concello de Narón colabora coa asociación Centro de recursos solidarios Narón , na campaña de merca e entrega de xoguetes de Nadal para as familias con menos recursos.
- ❖ Dende o día **24 de novembro e ata o 18 de decembro de 2020** (ambos inclusive) as persoas interesadas deberán presentar unha solicitude no Rexistro xeral de entrada do concello e adxuntar a seguinte documentación (sempre e cando non figure no expediente do Servizo Sociocomunitario):
 - ✓ Fotocopia do D.N.I da persoa solicitante
 - ✓ Fotocopia do D.N.I da persoa que recollerá os xoguetes(de non ser a mesma que o/a solicitante)
 - ✓ Fotocopia do/a libro de familia do/a menor
 - ✓ Xustificación das prestacións recibidas(Seg.soc,Xunta, INEM...etc)
- ❖ A entrega de xoguetes ás familias realizarase os días **4 e 5 de xaneiro entre as 16:30 e as 20:30 horas** na nave do Centro de Recursos Solidarios Narón (previa presentación de DNI e impreso de derivación do S.Sociocomunitario). A nave está situada no polígono da Gándara (Avenida do Mar nº 115).
- ❖ As familias poderán colaborar na campaña mercando xoguetes para doar ou facendo unha achega económica, nos distintos puntos habilitados para a recollida, do **24 de novembro ao 18 de decembro de 2020**. Os puntos son os seguintes:
 - + Xoguetería DIN Y DON (Xuvia) no seu horario comercial
 - + Xoguetería Hiper Froiz (O Alto) no seu horario comercial
 - + Xoguetería O Muíño do Fabal (A Gándara) no seu horario comercial
 - + Xoguetería Todo Ocio Lego (A Gándara) no seu horario comercial

- ❖ Os xoguetes serán recollidos e repartidos polo Centro de Recursos Solidarios, que a maiores realizará unha compra de xoguetes nesas tendas cunha aportación propia á que sumarán ás achegas recollidas no propio establecemento (haberá unha urna para donativos).
- ❖ Dende o Concello de Narón facemos un chamamento á cidadanía naronesa para que participen e colaboren nesta campaña extraordinaria, para que ningún neno ou nena se quede sen un regalo o día de Reis. Para calquera dúbida poden contactar a través do correo electrónico da entidade: **crsnaron@gmail.com** ou nos teléfono: **634555663/881308349/722724782**.